

ORDENANZA MUNICIPAL DE POSESIÓN E CUSTODIA DE ANIMAIS

Aprobada polo Pleno da Corporación o 19 de Xaneiro de 1999.

Publicada no BOP de A Coruña o 13 de febreiro de 1999.

TÍTULO I

OBXECTIVOS E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1

1. Esta Ordenanza ten por obxecto establecer a normativa que regule as interrelacións entre as persoas e os animais domésticos, tanto os que conviven cos humanos como os destinados a actividades deportivas ou lucrativas, facendo compatible a coexistencia dos animais cos seres humanos coa prevención dos posibles riscos para a hixiene ambiental, a saúde e a seguridade de persoas, animais e bens.
2. Con tal finalidade, a Ordenanza ten en conta tanto as molestias e perigos que poden ocasionar os animais como o valor da súa compañía para un gran número de persoas e a axuda que poden prestar polo adestramento e a dedicación, como no caso dos cans-guía, dos traballos de salvamento e todos os demais en que os animais domésticos proporcionan aos humanos satisfaccións deportivas e de lecer.
3. Quedan excluídos desta Ordenanza porque se rexen pola súa propia normativa:
 - a caza, (agás os cans destinados a esta actividade),
 - a pesca,
 - a protección e conservación da fauna silvestre no seu medio natural,
 - os touros e espectáculos taurinos tradicionais,
 - a gandería entendida como cría de animais con fins de abasto.

Artigo 2

Para os efectos desta Ordenanza enténdese por:

- Animais de compañía: todo animal posuído ou destinado a ser posuído polas persoas, especialmente no fogar, para servir de lecer e como compañeiro.
- Animal abandonado: todo animal de compañía que non teña fogar ou non se atope no fogar do seu propietario ou posuidor e non estea baixo control ou vixilancia.
- Animal salvaxe en cativeiro: todo animal que, vivindo ceibe pola súa condición, fose obxecto de captura no seu medio natural, manténdose nun grao absoluto e permanente de dominación.

- Comercio de animais de compañía: o conxunto de transaccións practicadas de forma regular e con fins lucrativos que impliquen a transferencia de propiedade destes animais.
- Cría e custodia comercial de animais de compañía: a que se practica con fins lucrativos.

Artigo 3

Sen prexuízo do esixido nas demais disposicións que sexan aplicables, as actividades que seguen, estarán suxeitas á obtención dunha licenza municipal previa nos termos que determina, de ser o caso, o Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas:

1. Os establecementos hípicos, sexan ou non de tempada, con instalacións fixas ou non, que garden cabalos para a práctica da equitación con fins deportivos, recreativos ou turísticos.
2. Os centros para animais de compañía destinados á reprodución, aloxamento temporal ou permanente ou á subministración de animais para vivir domesticados nas casas, principalmente cans, gatos e aves ou outros cánidos destinados á caza e ao deporte, e que se dividen en:
 - Lugares de cría: para a reprodución e subministración de animais a terceiros.
 - Residencias: establecementos destinados a aloxamento temporal.
 - Canceiras deportivas: establecementos destinados á práctica do deporte en canódromos.
 - Fatos: establecementos destinados a gardar animais para a caza.
3. Centros ou agrupacións diversas non comprendidas entre os anteriores. Clasifícanse en:
 - Paxarerías: para a reprodución ou a subministración de pequenos animais, principalmente pequenas aves, con destino aos domicilios.
 - Subministradores de laboratorios: para a produción e a subministración de animais con fins de experimentación científica.
 - Zoos ambulantes, circos e entidades asimiladas.
 - Comercios dedicados á venda de animais de acuario ou terrario, como peixes, arácnidos ou réptiles.
 - Instalacións dedicadas á cría de animais para aproveitamento da pel.

TÍTULO II

SOBRE POSESIÓN DE ANIMAIS

CAPÍTULO I

ARTIGO 4

1. Con carácter xeral autorízase a posesión de animais domésticos de compañía nos domicilios particulares, estando condicionada a que as circunstancias hixiénicas do seu aloxamento sexan óptimas, á ausencia de riscos no aspecto sanitario e á inexistencia de perigos ou molestias evitables para os veciños ou para outras persoas.
2. Con tal finalidade, desde as 22.00 ata as 8.00 horas prohibese deixar nos patios, terrazas, galerías ou balcóns, aves e animais en xeral que cos seus sons, ouleos ou cantos perturben o descanso ou tranquilidade dos veciños. No resto do día tamén deberán ser retirados dos lugares especificados polos seus propietarios ou posuidores

cando, de maneira evidente, ocasionen molestias aos ocupantes do inmobile ou inmobles veciños.

3. Os propietarios ou posuidores de animais estarán obrigados a proporcionarlles alimentación abonda e axeitada ás características de cada animal.
4. propietario ou posuidor dun animal estará obrigado a practicarlle as curas axeitadas que precise e a proporcionarlle os tratamentos preventivos de enfermidades e as medidas sanitarias que cumpran ou que, de ser o caso, a autoridade municipal e outros organismos competentes dispoñan.
5. Os animais afectados de enfermidades de declaración obrigatoria segundo a Lei do 20 de decembro de 1952 de epizootias deberán ser illados, proporcionándolles o tratamento axeitado e posible. De non haber tratamento deberán ser sacrificados por métodos eutanásicos que impliquen o mínimo sufrimento e provoquen unha inmediata perda da consciencia. Este precepto será de aplicación tanto aos particulares como a aquelas entidades que ofrezan refuxio aos animais perdidos ou extraviados.
6. número de animais que poden aloxarse en cada domicilio ou inmobile poderá ser limitado pola autoridade competente con base en informes técnicos motivados e atendendo ás características da vivenda e á biomasa dos animais aloxados.

ARTIGO 5

1. O posuidor dun animal salvaxe en cativeiro é responsable da súa protección e coidado, así como do incumprimento das obrigas previstas nesta Ordenanza.
2. A posesión de animais en cativeiro procedentes de importación precisa un informe previo do organismo competente da Xunta de Galicia relativo ás condicións hixiénico-sanitarias do animal. Así mesmo, os animais que pertencen a algunha das especies recollidas no CITES, (Regulamento 3626/CEE do Consello, do 3 de decembro de 1982, relativo á aplicación na Comunidade do convenio sobre comercio internacional de especies ameazadas da fauna e flora silvestres) deberán posuír o seu correspondente pasaporte ou cartilla sanitaria.
3. Prohíbese a posesión de animais salvaxes perigosos para as persoas fóra dos locais autorizados polo órgano competente da Xunta de Galicia, así como a súa circulación por lugares abertos ao público sen as medidas protectoras que se establezan, de acordo coas características de cada especie.
4. As medidas sanitarias e hixiénicas previstas nesta Ordenanza, así como as recollidas no artigo 9 da Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro, aplicaranse tamén aos animais salvaxes en cativeiro.

Artigo 6

1. Queda absolutamente prohibida a entrada e permanencia de animais en toda clase de locais dedicados á fabricación, venda, almacenamento, transporte ou manipulación de alimentos. Non obstante, en restaurantes, bares, cafeterías e similares, a entrada e permanencia de animais estará condicionada ao criterio do dono do establecemento sempre e cando non supoña ningún tipo de incomodidade ou molestia para os concorrentes, sendo o propietario do animal o responsable dos seus actos.
2. Prohíbese a circulación e permanencia de cans e outros animais nas piscinas públicas durante a tempada de baño.
3. Queda prohibida a entrada de animais en espectáculos públicos deportivos e culturais, así como en recintos de práctica de deportes e de xogos infantís ou naquelas zonas que o Concello determine atendendo ás súas dimensións ou réxime de usos.

4. Autorízase o traslado de animais nos medios de transporte público, sempre e cando se realice en cestas ou gaiolas. No caso dos taxis queda a criterio do conductor. Ambos os casos estarán sempre condicionados a que sexan sostidos polos seus donos de forma que non ocupen os asentos.
5. transporte de animais en vehículos particulares realizarase de forma que non poidan perturbar a acción do conductor nin se comprometa a seguridade do tráfico e de acordo coas normas previstas no Código da circulación.

Artigo 7

En establecementos hoteleiros e pensións, a estadía de animais de compañía estará condicionada a unhas óptimas circunstancias hixiénicas de aloxamento e á inexistencia de calquera tipo de incomodidade ou molestia para os residentes. O propietario dos animais é, en todo momento, responsable dos seus actos e deberá presentar a súa identificación acreditativa perante calquera axente da autoridade que o requira.

Artigo 8

Quedan excluídos expresamente do preceptuado nos artigos 6 e 7 os cans-guía que poderán circular libremente nos transportes públicos urbanos, así como acceder a calquera tipo de local, sempre que estean acompañados polo seu dono e posúan as condicións hixiénico-sanitarias e de seguridade que se prevén nesta Ordenanza.

ARTIGO 9

1. As persoas agredidas por animais darán inmediatamente conta do feito ás autoridades sanitarias.
2. propietario ou posuidor do animal agresor terá que presentarse ao servizo municipal achegando o documento de identificación e cantos datos poidan servir de axuda á persoa lesionada, aos seus representantes e ás autoridades sanitarias que o soliciten.
3. propietario ou posuidor do animal agresor responderá administrativamente por non adoptar as medidas de protección fixadas nesta Ordenanza, e asumirá os gastos que, como consecuencia da agresión se xerarán para o Concello.

Artigo 10

1. Con carácter xeral nas vías públicas os animais deberán circular suxeitos con correa ou cadea con colar. O uso do bozo será ordenado pola autoridade municipal cando as circunstancias así o aconsellen e mentres duren estas. Así mesmo usarase o bozo cando a agresividade ou perigosidade dos animais sexa manifesta dada a súa natureza e características. Neste senso, os cans de presa e tipo terrier de pelexa debido á súa particular natureza combativa, deberán ir provistos de bozo sempre que circulen por lugares públicos
2. As persoas ou entidades que necesiten desprenderse de animais de compañía mortos poderán facelo a través do servizo municipal competente, co fin de que a retirada do cadáver se faga nas condicións hixiénicas necesarias.
3. Os que observen a presenza dun animal morto na vía pública poden comunicar tal circunstancia ao servizo municipal competente, co fin de que retire o cadáver nas condicións hixiénicas que cumbran.
4. Queda absolutamente prohibido o abandono na vía pública de cadáveres de calquera especie animal.

ARTIGO 11

Créase o censo municipal de cans. O seu contido será o establecido no Real decreto 153/98 do 2 de abril.

1. Os propietarios ou posuidores de cans están obrigados a identificalos mediante un implante electrónico antes dos tres meses de idade ou ao mes da súa adquisición.
2. implante electrónico deberá ter as seguintes características:
 - Estar pre-programado sen que permita a súa modificación posterior.
 - sistema ten que manterse operativo a temperaturas ata os 70º C.
 - código alfanumérico será único para cada animal, sen que poidan existir dous ou máis animais co mesmo código.
3. A morte, desaparición, cambio de domicilio ou transferencia de propiedade dos animais serán comunicados polos propietarios ou posuidores ao servizo correspondente dentro do período dos dez días seguintes a que se produzan.
4. Os datos dos propietarios gozarán da confidencialidade e reserva que establece a normativa vixente nesta materia.

Artigo 12

- a. Concello recollerá os animais abandonados no centro de acollida.
2. Se o animal non está identificado reterase por un prazo de vinte días, transcorrido o cal, na canceira municipal, daráselle o destino máis conveniente recorrendo, só en último termo, ao sacrificio.
3. Se o animal está identificado avisarase ao propietario, que disporá dun prazo de dez días para recuperalo unha vez pagados os gastos orixinados polo seu mantemento. Unha vez transcorrido este prazo, se o propietario non satisfai o pagamento dos gastos, o centro de acollida municipal procederá de acordo co disposto no punto anterior.
4. Os animais recollidos no centro de acollida non poderán ser retirados del polos seus propietarios sen que se satisfagan os gastos xerados pola súa identificación e inscrición no censo. Igualmente, pagarán os gastos de manutención, coidado, asistencia veterinaria e vacinación se non estivese acreditada.
5. Os medios a empregar na captura e transporte dos animais abandonados terán as debidas condicións hixiénico-sanitarias e estes serán atendidos por persoal cualificado.

CAPÍTULO II

DOS CANS QUE CONVIVEN COAS PERSOAS

Artigo 13

1. **Posuidor dun animal doméstico é responsable da súa protección e coidado así como do cumprimento de todas as obrigas contidas nesta Ordenanza.**
2. Os propietarios ou posuidores de cans están obrigados a censalos e identificalos nos termos previstos no artigo 11 desta Ordenanza. O censo empregarase en supostos de comunicacións por morte ou desaparición dos animais rexistrados e para os cambios de propiedade.

Artigo 14

A vacinación ou tratamento obrigatorio dos animais domésticos será realizada polo órgano competente da Xunta de Galicia, con base na facultade prevista no artigo 9.1 da Lei 1/93, do 13 de abril.

ARTIGO 15

1. Con carácter xeral os cans circularán polas vías públicas suxeitos con correa ou cadea con colar.
2. Queda absolutamente prohibido que os propietarios ou posuidores de cans deixen as deposicións dos seus animais nas beirarrúas ou zonas de paso de peóns e, en xeral, en toda a vía pública.
3. As deposicións que se produzan serán recollidas polos propietarios ou posuidores dos cans e colocadas de xeito hixienicamente aceptable nos colectores de recollida de lixo ou nos lugares que a autoridade municipal destine expresamente para este fin. Queda prohibido depositalas nas papeleiras públicas ou nas entradas dos sumidoiros.

Artigo 16

As persoas que utilicen cans para a vixilancia de predios, obras ou calquera outra propiedade, deberán cumprir coas condicións establecidas no artigo 20 da Lei 1/93 do 13 de abril e, en todo caso, daralles alimento, aloxamento, espazo e curas axeitadas, ademais de telos debidamente censados e identificados. Así mesmo, deberán estar baixo a vixilancia e control do dono do inmovible de forma que non poidan causar danos ás persoas, a outros animais ou ás cousas.

Advertirase en lugar visible a existencia dun can gardián.

ARTIGO 17

1. Compete á Alcaldía a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais no termo municipal.
2. En caso de grave e persistente incumprimento por parte dos propietarios ou posuidores de animais domésticos das obrigas establecidas nos artigos precedentes, a autoridade municipal poderá dispoñer o traslado deses animais a un establecemento axeitado, con cargo aos propietarios, e adoptar calquera medida adicional que se considere imprescindible.
3. Cando ingrese un animal doméstico no centro municipal de acollida por mandamento das autoridades competentes, a orde de ingreso deberá precisar o tempo de retención a que debe de someterse e a súa causa. O pagamento dos gastos e das taxas orixinadas corresponderá ao propietario do animal.
4. A retención e observación pode levarse a cabo no domicilio, de acordo co establecido no artigo 52 do Decreto 153/98.
5. A autoridade municipal poderá ordenar o traslado a outro lugar axeitado dos animais que non cumpran os condicionantes establecidos nos artigos 4, 5 e 6.

Artigo 18

Os propietarios ou posuidores de animais que non desexen continuar ténndoos deberán entregalos ao servizo municipal encargado da súa recollida ou a unha sociedade protectora. En todo caso os posuidores de animais poñerán os medios necesarios para evitar camadas indesexadas.

CAPÍTULO III

DOS CANS ABANDONADOS

Artigo 19

Queda absolutamente prohibido abandonar calquera clase de animal vivo, especialmente cans, sancionándose o feito como risco para a saúde pública.

Artigo 20

Considerarase can abandonado aquel que non teña dono coñecido e, en consecuencia, non estea censado nin identificado, ou aquel que circule libremente sen a presenza da persoa responsable.

Artigo 21

Cando se detecte a presenza dun animal abandonado, comunicarase ao Concello co fin de que proceda á súa retirada.

ARTIGO 22

1. Os cans abandonados atopados no termo municipal de Santiago serán recollidos polo laceiro municipal e ingresados na Canceira, onde serán alimentados debidamente, reténdoo ata que sexan recuperados, cedidos ou sacrificados. Os servicios municipais actuarán pola súa propia iniciativa e planificación ou por denuncias dos cidadáns.
2. Se o can non está identificado reterase por un prazo de 20 días, transcorrido o cal o servicio municipal da Canceira poderá darlle o destino máis conveniente, e só en último termo, sacrificalo.
3. Se o can está identificado avisarase ao propietario de forma inmediata, que disporá dun prazo de 10 días para recuperalo. Unha vez transcorrido este prazo, se o propietario non paga os gastos, o servicio municipal procederá de acordo co disposto no punto anterior.
4. Este Concello fomentará a adopción de animais domésticos abandonados, limitando o sacrificio eutanásico unicamente para os casos en que resulte imprescindible.
5. A retirada dos animais da canceira municipal deberá realizarse en horas de servicio, logo do pagamento das taxas correspondentes e, de ser o caso, da sanción que corresponda.

Artigo 23

1. Os animais de compañía aptos para ser adoptados deberán ser vacinados, desparasitados tanto externa como internamente e identificados previamente, para garantir unhas condicións sanitarias correctas.
2. No momento da adopción, a entrega dun animal de compañía deberá ir acompañada dun documento de cesión no que consten os datos do centro doador, os datos do animal, o compromiso da persoa que adopta ao animal de asumir os gastos de prevención sanitaria e de identificación, así como de responsabilizarse del.

Artigo 24

Sen prexuízo das competencias da Xunta de Galicia en materia de vacinación obrigatoria dos animais domésticos e tendo en conta o carácter voluntario de tal tratamento, aconséllase a desparasitación externa e interna (hidatidose), así como a vacinación de cans e gatos.

CAPÍTULO IV

DA EXPERIMENTACIÓN CON ANIMAIIS

Artigo 25

1. Toda actividade experimental con animais que poida causarlles dor, sufrimento, lesión ou morte deberá respectar a normativa específica aplicable e, se é o caso, deberá contar coa autorización previa do órgano competente da Xunta de Galicia.
2. Os animais destinados á experimentación serán obxecto da protección e cuidados xerais previstos nesta Ordenanza e na Lei 1/93 de 13 de abril.
3. A experimentación con animais desenvolverase baixo a dirección do persoal facultativo correspondente.
4. Os animais que non poidan desenvolver unha vida normal, como consecuencia da experimentación a que foron sometidos, serán sacrificados de forma rápida e sen dor.
5. En cumprimento da vixente normativa sobre protección dos animais utilizados para a experimentación e investigación científica, non poderán utilizarse para estes fins animais abandonados das especies domésticas que capturen os servicios municipais.

CAPÍTULO V

PROTECCIÓN DOS ANIMAIIS

Artigo 26

Quedan prohibidas con carácter xeral e con respecto a todos os animais de compañía as seguintes conductas:

1. Causar a súa morte agás en caso de enfermidade incurable ou necesidade ineludible (co fin de evitar sufrimentos ao animal ante unha enfermidade incurable) e sempre baixo control veterinario.
2. Maltratar ou agredir de calquera xeito aos animais, ou sometelos a calquera práctica que poida causarlles sufrimento ou dano non xustificado.
3. Desatendelos, non alimentalos axeitadamente, non limpalos, non sometelos a asistencia sanitaria, non aloxalos de acordo coas súas esixencias naturais ou deixalos no interior de vehículos pechados.
4. Encirralos contra as persoas ou de xeito que poidan danar as cousas.
5. Abandonalos, tanto na vía pública como en vivendas ou noutros lugares pechados ou desalugados, soares e obras, na medida en que non sexan atendidos cumpridamente neses lugares.
6. Utilizalos en espectáculos, pelexas, festas populares e outras actividades, se iso pode ocasionarlles sufrimentos, ou sometelos a condicións antinaturais, excluíndo os espectáculos con regulamentación específica como resultan ser os taurinos.
7. Organizar pelexas entre animais ou encirralos a elas.

8. Exercer a venda ambulante de calquera animal, fóra dos recintos e datas expresamente legalizados, e sen respectar as condicións de legalidade absoluta respecto a cada especie animal e segundo a súa regulamentación específica.
9. Exercer a venda ambulante de animais sen cumprir as condicións xerais sinaladas pola lei.
10. Calquera outra conducta degradante que teña como vítima aos animais.

CAPÍTULO VI

ESTABLECEMENTOS ZOOLÓXICOS

Artigo 27

Os albergues, criadeiros, establecementos de venda, de recollida e de experimentación así como os dedicados á exhibición de animais salvaxes en cativeiro, sen prexuízo dos condicionantes establecidos polo artigo 3.e a Lei de Galicia 1/1993, do 13 de abril, e polos artigos 33 e seguintes do Decreto 153/98, do 2 de abril, teñen que reunir as seguintes características:

1. As construcións, instalacións e equipos serán os axeitados para asegurar un ambiente hixiénico e facilitar as necesarias accións zoonosanitarias.
2. Deberán estar dotados de auga corrente en cantidade abonda para a súa axeitada limpeza, así como para a subministración de auga potable aos animais.
3. Disporán dos medios para a limpeza e desinfección dos locais, materiais e utensilios que poidan estar en contacto cos animais e, de ser o caso, dos vehículos para o seu transporte.
4. Deberán realizar as desinfeccións, desinsectacións e desratizacións periódicas necesarias con produtos autorizados para tales fins.
5. Disporán dos medios necesarios para que a eliminación dos excrementos e augas residuais se realicen de forma que non supoña riscos para a saúde pública nin perigo de contaminación do medio.
6. Disporán dos medios necesarios para eliminar hixienicamente os cadáveres dos animais e demais materias contumaces ou entregarán estes residuos ao xestor correspondente en condicións que garantan a salubridade e hixiene precisas.
7. As instalacións deberán permitir unhas condicións de vida axeitadas para os animais, de acordo coa súa natureza. Os tamaños mínimos que se consideran para os receptáculos son os seguintes:
 - cachorro de can de raza mediana e grande 1 m x 2 m
 - cachorro de can de raza pequena 0,75 m x 2 m

Considéranse cachorros ata os 12 meses de idade.

Os cachorros de razas grandes con idade superior a 4 meses disporán de 4 m x 2 m

8. Deberán dispor dunha zona de corentena que permita illar os animais enfermos ou sospeitosos de o estaren.

CAPÍTULO VII

DAS INFRACCIÓNS E SANCIÓN

ARTIGO 28

1. Os axentes da autoridade e cantas persoas precisen ou coñezan feitos contrarios ao establecido nesta Ordenanza teñen o deber de denunciar aos infractores.
2. Os animais dos propietarios denunciados por causarlles sufrimento, por non os aloxaren en condicións hixiénicas e biolóxicas axeitadas, por desobedecer medidas dictadas pola autoridade municipal, por infraccións contra normas sanitarias ou por desprezo ás normas elementais de convivencia, poderán ser retirados polos axentes municipais.

A devolución destes animais, se procedese, farase unha vez tomadas as medidas correctoras que se impoñan.

Artigo 29

1. Para os efectos desta Ordenanza será infracción administrativa o incumprimento das obrigas, das prohibicións e dos requisitos establecidos nela, así como o das condicións impostas nas autorizacións administrativas outorgadas ao seu abeiro.
2. A responsabilidade administrativa será esixible sen prexuízo do que corresponda no ámbito civil ou penal.
3. Nos casos de espectáculos prohibidos, incorrerán en infracción administrativa non só os seus organizadores senón tamén os donos dos locais ou terreos en que se realicen, a título oneroso ou gratuíto, así como terceiras persoas que de un xeito ou outro participen.

Artigo 30

As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves, atendendo a criterios de risco para a saúde e seguridade das persoas, grao de negligencia, gravidade do prexuízo producido e reincidencia.

Artigo 31

A tipificación das infraccións realízase de acordo coa Lei 1/93, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro.

1. Tipifícanse, xa que logo, como infraccións leves:
 - Maltrato a animais que non lles cause dor.
 - A venda, doazón ou cesión de animais a menores de 14 anos ou incapacitados, sen autorización de quen teña a súa patria potestade, tutela ou custodia.
 - A doazón de animais de compañía como premio.
 - Non manter o animal en boas condicións hixiénico-sanitarias.
 - Mantelos en instalacións non axeitadas.
 - Non facilitarlles a alimentación axeitada ás súas necesidades.
 - Utilizar animais en traballos que os inmovilicen, causándolles dor.
 - Exercer a venda ambulante de animais fóra dos mercados e feiras autorizados.
 - Posuír un can non censado nin identificado consonte o previsto no artigo 11 desta Ordenanza.
 - Sacrificar animais en lugares públicos.
 - Non recoller inmediatamente os excrementos evacuados por un animal de compañía na vía pública.
 - Ocasionar molestias á veciñanza por incumprimento do establecido nos artigos 4.2 e 6.
 - A entrada e permanencia de animais en locais dedicados á manipulación de alimentos.
 - A circulación e permanencia de animais en piscinas públicas durante a tempada de baño.

- Abandonar na vía pública cadáveres de calquera especie animal.
- Calquera outra actuación que vulnere o disposto nesta Ordenanza e que non veña tipificada como infracción grave ou moi grave.

2. Son infraccións graves:

- Maltratar animais causándolles dor.
- Mutilalos sen necesidade ou sen o axeitado control veterinario.
- Abandonalos.
- A venda ambulante, reiterada, de animais en xeral, fóra dos establecementos, feiras e mercados legalmente autorizados.
- A venda de animais salvaxes en cativeiro fóra dos establecementos autorizados.
- A subministración de estimulantes non autorizados ou substancias que poidan atentar contra a saúde, agás cando sexa por prescrición facultativa.
- Non vacinar ou non administrar algún tratamento obrigatorio aos animais.
- A venda de animais enfermos, agás que se trate dun vicio oculto, non coñecido polo vendedor.
- A cría ou comercialización de animais sen cumprir os requisitos correspondentes.
- Ter animais perigosos sen as medidas de protección que estean fixadas.
- Incumprimento de calquera outra das condicións impostas nas autorizacións administrativas.
- Considerarase, así mesmo, como infracción grave a reincidencia en infraccións leves.
- Entenderase que existe reincidencia cando se cometa unha infracción leve do mesmo tipo ca outra anterior no prazo do ano posterior á notificación daquela. Requirirase que a resolución sancionadora adquirise firmeza.

3. Son infraccións moi graves:

- Maltrato a animais causándolles a morte.
- A organización e celebración de espectáculos, pelexas ou outras actividades con animais que impliquen crueldade ou maltrato ou poidan ocasionarlles sufrimentos.
- A venda de animais con enfermidades infecto-contaxiosas coñecidas.
- A venda de animais para experimentación sen a debida autorización ou a centros non autorizados.
- A esterilización ou o sacrificio de animais sen control facultativo.
- A reiteración en faltas graves.

Considerarase, así mesmo, como infracción moi grave a reincidencia en infracción grave, entendendo que existe tal reincidencia cando se cometa unha infracción grave do mesmo tipo cá que motivou unha sanción anterior no prazo dun ano seguinte á notificación daquela. Requirirase que a resolución sancionadora adquirise firmeza.

Artigo 32

Consonte o establecido na Lei 1/93, do 13 de abril, as infraccións indicadas no artigo anterior serán sancionadas coas multas que seguen:

- a. As leves, de 5.000 a 50.000 pesetas.
- b. As graves, de 50.001 a 500.000 pesetas.
- c. As moi graves, de 500.001 a 2.500.000 pesetas.

Artigo 33

Ademais das multas a que se refire o artigo anterior, os órganos competentes poderán impoñer as seguintes sancións:

- a. Peche temporal ou definitivo, respectivamente para as infraccións graves ou moi graves, dos establecementos.

- b. A prohibición temporal ou permanente, respectivamente para as infraccións graves ou moi graves, do exercicio de actividades comerciais.
- c. A incautación dos animais obxecto de actividades ilegais ou de abandono, para calquera tipo de infracción.
- d. No caso de federacións ou de calquera outra entidade non lucrativa, para infraccións graves ou moi graves, poderase suspender temporalmente, ou en casos moi graves definitivamente, o exercicio das súas actividades.

Artigo 34

Para a gradación das multas ou determinación do tempo de duración da clausura a que fai referencia o artigo anterior, teranse en conta as seguintes circunstancias:

- A transcendencia social ou sanitaria ou o prexuízo causado pola infracción.
- O ánimo de lucro e a contía do beneficio obtido na comisión da infracción.
- A importancia do dano causado ao animal.
- A reiteración ou reincidencia na comisión de infraccións.

Artigo 35

O exercicio da potestade sancionadora prevista nesta Ordenanza requirirá a incoación e instrucción do correspondente expediente administrativo de conformidade co disposto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e noutras disposicións regulamentarias que regulen o procedemento administrativo sancionador.

Artigo 36

Ao abeiro do disposto na Lei do parlamento galego 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro e o Decreto 153/98, do 2 de abril, que a desenvolve, a imposición das sancións previstas correspóndese:

- Ao Alcalde, para as infraccións leves.
- Ao Director xeral de produción agropecuaria e industrias agro-alimentarias, para as infraccións graves.
- Ao Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes para as moi graves.

Artigo 37

As infraccións previstas nesta Ordenanza prescribíranse, no caso das leves aos seis meses, das graves aos doce meses e das moi graves aos dous anos.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Será obrigatorio identificar aos animais nos termos do artigo 11.2 no prazo de 6 meses a contar dende a entrada en vigor desta Ordenanza.

Facúltase á Comisión de Goberno para a adopción de todos aqueles acordos que se precisen para a creación do censo municipal de cans.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte de da publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña do acordo plenario de aprobación definitiva.